



ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO SOBRE O RECOÑECIMENTO DA EQUIVALENCIA DAS TITULACIÓNS ANTERIORES AO REAL DECRETO 1393/2007 PARA OS EFECTOS DO ACCESO AOS ESTUDOS OFICIAIS DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Aprobado polo Consello de Goberno do 27 de febreiro do 2014

O Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, regula as ensinanzas oficiais de doutoramento conducentes á obtención do título de doutor ou doutora con carácter oficial e validez en todo o territorio español. O Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade da Coruña (REDUDC), aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 17 de xullo do 2012, é a norma reguladora dos estudos de doutoramento na UDC adaptada a este real decreto.

Tanto a alínea 2 do artigo 6 do Real decreto 99/2011 como a alínea 2 do artigo 15 do REDUDC fan referencia ao acceso aos estudos de doutoramento para aquelas persoas que teñan titulacións universitarias oficiais españolas pre-Boloña, isto é, as anteriores ás reguladas no RD 1393/2007, do 29 de outubro. Nestas normas establécese que poderá acceder aos estudos de doutoramento quen estiver en posesión dun mínimo de 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais anteriores aos regulados no RD 1393/2007, dos que, polo menos 60, terán que ser de nivel de mestrado.

Porén, nin o RD 99/2011 nin o REDUDC establecen criterios de equivalencia entre créditos cursados e superados de titulacións universitarias anteriores ás reguladas no RD 1393/2007 e créditos ECTS, nin criterios para a consideración de 60 créditos destas citadas titulacións como de nivel de mestrado.

Este problema foi abordado pola nota aclaratoria emitida en novembro de 2013 pola Secretaría Xeral de Universidades (SXU) do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, relativa ao acceso aos estudos oficiais de doutoramento regulados no RD 99/2011 de todos aqueles posuidores de titulacións anteriores ás reguladas no RD 1393/2007:

Poderán acceder a un programa oficial de doutoramento aqueles estudantes que estean en posesión dunha titulación universitaria oficial española obtida conforme a anteriores ordenacións universitarias, é dicir, os licenciados, arquitectos, enxeñeiros, diplomados, arquitectos técnicos e enxeñeiros técnicos



(títulos que habilitan para o acceso a ensinanzas de mestrado universitario) e que teñan superado no conxunto de estudos universitarios oficiais un mínimo de 300 créditos ECTS, dos que, cando menos 60, terán que ser de nivel de mestrado. De acordo co anterior, corresponde a cada universidade, de conformidade coa súa normativa específica, determinar tanto as equivalencias entre os créditos LRU (proprios das anteriores titulacións) e os créditos ECTS, así como os criterios de valoración dos 60 créditos ECTS que, cando menos, deban ser considerados como créditos de nivel de mestrado para os efectos de que estes titulados accedan aos estudos de doutoramento.”

Consonte co anteriormente exposto, e seguindo a proposta da Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento, reunida o 17 de febreiro do 2014, o Consello de Goberno do 27 de febreiro aproba o seguinte acordo:

ARTIGO ÚNICO.- Para os efectos do cumprimento dos requisitos de acceso aos estudos oficiais de doutoramento regulados polo Real decreto 99/2011 e o Regulamento de estudos de doutoramento da UDC, as titulacións anteriores ao Real decreto 1393/2007 terán unha equivalencia a 60 créditos ECTS de nivel mestrado de conformidade coas seguintes regras:

- a) Un curso académico completo dun título universitario oficial español regulado por unha ordenación anterior ao RD 1393/2007 será considerado equivalente a 60 ECTS.
- b) No caso de ter cursada e superada unha titulación oficial española organizada en dous ciclos (primeiro e segundo ciclo) que, de acordo co apartado anterior, sexa equivalente a un mínimo de 300 ECTS, considerarase que 60 ECTS do segundo ciclo son de nivel de mestrado.
- c) No caso de ter cursada e superada unha titulación de segundo ciclo que non constitúa continuación directa dun correlativo primeiro ciclo, e que o conxunto de créditos cursados e superados de primeiro e segundo ciclo sexa equivalente a un mínimo de 300 ECTS, considerarase que 60 ECTS do segundo ciclo son de nivel de mestrado.
- d) Este recoñecemento de 60 ECTS de segundo ciclo como de nivel de mestrado referido nas alíneas b) e c) só terá validez para os efectos de satisfacer os requisitos de acceso aos estudos de doutoramento da UDC, sen que supoña a adquisición de dereito ningún sobre o título de mestrado universitario.



- e) Todo o anterior enténdese sen prexuízo do disposto no artigo 16 do Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade da Coruña no relativo a requisitos e criterios adicionais de admisión que puiden establecer a comisión académica dun programa de doutoramento concreto, así como, se é o caso, o establecemento de complementos de formación específicos, tal e como se recolle no artigo 7 do RD 99/2011.

DISPOSICIÓN FINAL

1. Autorízase á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia para harmonizar e refundir o presente acordo co previsto no Regulamento de estudos de doutoramento.
2. O presente acordo entrará en vigor aos vinte días da súa aprobación polo Consello de Goberno.